



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A CONSELLERÍA DO MAR PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA DE BOLSAS DE FORMACIÓN NO EXTRANXEIRO PARA O ALUMNADO E PROFESORADO DO IGafa

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que a Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende o 10 de abril ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cooperación entre a Consellería do Mar e a Deputación Provincial de Pontevedra para mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e mergullo profesional

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Deputación Provincial de Pontevedra dotará economicamente bolsas para a especialización de alumnos/as e técnicos/as en diferentes sectores da acuicultura e o mergullo procedentes do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa). As bolsas terán unha duración máxima de tres meses e consistirán na estancia das persoas beneficiarias en diferentes empresas e/ou institucións, con sede nalgún dos países que estean especializados nos distintos ámbitos da acuicultura e o mergullo.

A consellería do Mar, pola súa parte, comprométese a elaborar o proxecto formativo que desenvolverán as persoas participantes, supervisalo e facer o seguimento de cada unha das fases que o compoñen e máis elaborar unha memoria final que lle remitirán á Deputación Provincial de Pontevedra.

O Igafa realizará á selección das persoas beneficiarias atendendo a criterios de adecuación do perfil do/a bolseiro/a (30%), do expediente académico (40%) e dos coñecementos de idiomas (30%). Tamén lle remitirá á Deputación Provincial de Pontevedra un escrito onde





se faga constar o destino e a finalidade da viaxe e a asignación económica da cada bolsa.

A contía total das bolsas será de 15.000,00€.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas que se poidan percibir para este mesmo fin, sempre que non se supere o custo total da actividade.

A persoa beneficiaria dará adecuada publicidade do carácter público do financiamento da actividade, a través dos seguintes medios: o IGafa fará referencia ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería do Mar nas comunicación ao alumnado, na súa páxina web, noutros medios como a revista do centro e nas memorias individuais finais de cada un dos/as bolseiros/as.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de abril de 2017

(asinado dixitalmente)

